



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-NORTE

Anuncio

Concello de Muras solicita de Augas de Galicia un caudal de 23.122,75 m³/ano de augas procedente de varias captacións nas parroquias de Muras e Irixoa, no concello de Muras, con destino a abastecemento de diversos núcleos. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.A27.66313

As características do aproveitamento son:

SOLICITANTE: Concello de Muras

CAUDAL: 0,733 litros/segundo

DESTINO: abastecemento

ORIXE: captacións

PARROQUIAS: Muras e Irixoa

CONCELLO: Muras

Descrición:

Solicítase a concesión para o denominado sistema de abastecemento S1-: Muras.

Este sistema divídese en dous subsistemas:

1-A: Muras

1-B. Penabril

1-A: Muras

Este subsistema consta de dúas liñas básicas de abastecemento, a liña de Montouto e liña de Pinar, que presentan conexión puntual entre si.

- **Liña de Montouto:** as augas cáptanse mediante unha arqueta dun manancial na parcela de referencia catastral 27033A06500563. Dende o punto de captación as augas condúcense ata un depósito dobre de 200 m³, situado a uns 1.750 m de distancia da captación, dende o que se subministra auga ao núcleo urbano de Muras e aos núcleos de Casavella, Porto de Paos, Castro, Xelgaiz, Casa Nova e O Porto Novo.

A uns 90 m augas abaixo do depósito prodúcese á unión coa liña de Pinar, onde un dos depósitos desta complementa a esta captación de Montouto.

- **Liña de Pinar:** as augas cáptanse mediante gabias de drenaxe e dúas arquetas de captación, distantes uns 79 m entre si, situadas na parcela de referencia catastral 27033A06300371. As augas condúcense ata unha arqueta próxima e de aí a unha caseta de cloración situada a uns 250 m dos puntos de captación. Desde esta caseta as augas condúcense até a arqueta de repartición de Paleira Grande desde a que parten tres ramais de abastecemento.:

- **Freán:** desde a arqueta de reparto condúcense as augas até un depósito de 45 m³ de capacidade, conducíndose as augas deste depósito ata os lugares da Cabana, O Prado, Pena da Leira, Brías, Chao de Perros e Freán

- **Cuiñas:** dende a arqueta de reparto condúcense as augas até un depósito de 30 m³ de capacidade, conducíndose as augas deste depósito até o lugar de Cuiñas

- **Montouto:** a liña discorre nun principio paralela á anterior, abastecendo logo ao núcleo de Abelaira e logo conecta coa rede de abastecemento de Montouto, no depósito de Montouto, á que complementa

- Segundo a documentación que se achega, estas dúas liñas que compoñen o subsistema 1A abastecen a 287 habitantes das parroquias de Muras e do Burgo, así como á actividade de tipo industrial no núcleo de Muras

1-B: Penabril

Esta captación abastece na súa maior parte a parroquia de Irixoa, aínda que tamén a unha pequena parte da de Muras (Vedille). As augas cáptanse mediante gabias de drenaxe que conflúen nunha arqueta. Dende esta arqueta parten dúas conducións, unha cara o núcleo de Xuncal e outra cara un depósito de 10 m³ que distribúa as augas ao resto das poboacións da parroquia (Pascal, Irixoa, Campo Virilleiras, Pedreira Leñeiro Vedille)

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días naturais** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Muras ou nas oficinas deste servizo, situadas na rúa de Vicente Ferrer, 2, 9º da Coruña, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

A Coruña, 23 de marzo de 2021.- O xefe do servizo territorial, Néstor Rodríguez Arias.

R. 0782

Anuncio

O Concello de Muras solicita de Augas de Galicia un caudal de 3.744,9 m³/ano de augas procedente de dúas captacións, na Fraga das Folgueiras e na Fraga da Retorta, parroquia do Burgo (Santa María), Concello de Muras, con destino abastecemento. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.A27.68383

As características do aproveitamento son:

SOLICITANTE: Concello de Muras
CAUDAL: 0,119 litros/segundo
DESTINO: abastecemento
ORIXE: mananciais
LUGAR: Folgueiras e Retorta
PARROQUIA: O Burgo (Santa María)
CONCELLO: Muras

Descrición:

Este sistema de abastecemento consta de dúas captacións (As Folgueiras e A Retorta) e os correspondentes depósitos, conectados entre si.

Este sistema abastece diversos lugares da parroquia do Burgo (As Folgueiras, Vilavella, Seilán, Porto do Río, Castiñeiras, Panceira, Invernés...).

A captación está formada por arqueta, na parcela 147 do polígono 86, desde a que se conduce a auga mediante condución de 25 mm de diámetro até o depósito, de 30 m³ de capacidade e situado a uns 280 m de distancia, na parcela 109 do polígono 86.

A captación da Retorta está formada por unha arqueta e situada na parcela 396 do polígono 61, desde a que se conducen as augas até un depósito de 18 m³ de capacidade, situado a uns 20 m, na parcela 395 do polígono 61.

Desde este depósito das Folgueiras a rede discorre abastecendo en dúas pólas, unha que remata en Agreste e outra que continúa polas poboacións das Folgueiras, Vilavella, Agreste, Seilán, Castiñeiras e Portodoira. No treito entre Portodoira e Panceira conflúe a distribución procedente da Retorta, cruzando posteriormente o río Eume até chegar a Invernés. Este cruzamento prodúcese soterrada na ponte que cruza o río neste punto X= 605.017, Y= 4.811.738.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días naturais** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Muras ou nas oficinas deste servizo, situadas na rúa de Vicente Ferrer 2, 9º da Coruña, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

A Coruña, 23 de marzo de 2021.- O xefe do servizo territorial, Néstor Rodríguez Arias.

R. 0783

Anuncio

O Concello de Muras solicita de Augas de Galicia un caudal de 1.314 m³/ano de augas procedente dunhas captacións en Carelle, no pol. 80 par. 216, parroquia do Burgo (Santa María), en Muras, con destino a abastecemento. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.A27.68382

As características do aproveitamento son:

SOLICITANTE: Concello de Muras

CAUDAL: 0,042 litros/segundo

DESTINO: abastecemento

ORIXE: manancial

LUGAR: Carelle (Pol.80 Par.216)

PARROQUIA: O Burgo (Santa María)

CONCELLO: Muras

Descrición:

Este sistema de abastecemento consta de dúas captacións (Carelle e Carelle Grande) e os correspondentes depósitos, conectados entre si, funcionando en xeral as captacións de modo independente, transvasándose auga entre os depósitos unicamente en caso de necesidade.

A captación de Carelle abastece diversos lugares da parroquia do Burgo (Cabeceira, A Serra, Suarriba, O seixo, Campo, Carelle Pequeno, Barral...

A captación está formada por arquetas, na parcela 284 do polígono 81, desde as que se conduce a auga mediante condución de 25 mm de diámetro nunha lonxitude de 990 ata o depósito, soterrado e de 6,75 m³ de capacidade, na parcela 221 do polígono 82. Desde este depósito a distribución bifúrcase, indo un ramal cara o norte, abastecendo a Cabeceira, A Serra, Suarriba e O Seixo, e outro cara o sur, abastecendo a Campo, Carelle Pequeno e Barral.

A captación de Carelle Grande abastece unicamente ese lugar, no que existen varias vivendas unifamiliares illadas que constitúen unha aldea etnográfica rehabilitada. A captación realízase mediante un pozo desde o que se bombean as augas até o depósito situado nas proximidades, de 2 m³ de capacidade, ambos na parcela de referencia catastral 27033A080002160000FX.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días naturais** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Muras ou nas oficinas deste servizo, situadas na rúa de Vicente Ferrer 2, 9º da Coruña, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

A Coruña, 23 de marzo de 2021.- O xefe do servizo territorial, Néstor Rodríguez Arias.

R. 0784

CONCELLOS

CERVO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 23 de marzo de 2021, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de febreiro de 2021 das liquidacións do prezo público polo servizo de Axuda no Fogar, da Taxa pola prestación do servizo Escola infantil Municipal e das cotas do 1º bimestre de 2021 polo exercicio da venda ambulante no mercado de San Cibrao (Cervo).

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 12 de abril ao 14 de xullo de 2021. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calqueira oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 23 de marzo de 2021. O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 0785

CHANTADA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 19/03/2021 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a febreiro do 2021.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a febreiro 2021 terá lugar neste municipio dende o día 22 de marzo de 2021 ata o día 21 de maio de 2021.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 23 de marzo de 2021.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 0786

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 22/03/2021 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal, piscinas e anexos correspondentes a marzo 2021.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal, piscinas e anexos correspondentes marzo 2021 terá lugar neste Municipio dende o día 23 de marzo de 2021 ata o día 24 de maio de 2021.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 23 de marzo de 2021.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 0787

MURAS

Anuncio

Aprobación definitiva da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica do Concello de Muras.

A o non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo do Pleno celebrado o trinta de decembro de 2020 aprobatorio da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica no Concello de Muras, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

ORDENANZA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

I.- Disposición Xeral

Artigo 1.- De conformidade co establecido polo artigo 2, en relación cos artigos 56, 59 e 92 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, establécese o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

II.- Feito Impoñible

Artigo 2.-

1.- O imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.

2.- Considerarase vehículo apto para a circulación o que houber sido matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non causase baixa nos mesmos. Para os efectos deste imposto, tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

3.- Non están suxeitos a este imposto:

- a) Os vehículos que sendo dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas aos desta natureza.
- b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica cuxa carga útil non sexa superior a 750 quilogramos.

III. Exencións

Artigo 3

1.- Estarán exentos do imposto:

- a) Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.
- b) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados, e a condición de reciprocidade na súa extensión e grao. Así mesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sede ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros, con estatuto diplomático.
- c) Os vehículos respecto dos cales así se derive do disposto en tratados ou convenios internacionais.
- d) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ao traslado de feridos ou enfermos.
- e) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire a letra A de o Anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado por Real Decreto 2822/1998, do 23 de decembro. Así mesmo, estarán exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo.

Esta exención aplicarase en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte.

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.

Considerarase, para estes efectos, persoa con minusvalía quen teña esta condición legal en grao igual ou superior ao 33 por 100.f) Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ao servizo de transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do condutor.g) Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da Cartilla de Inspección Agrícola.

2.- Para poder gozar das exencións a que se refiren as letras e) e g) do apartado I do presente artigo, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e causa do beneficio. Declarada a exención pola Administración municipal, expedirase un documento que acredite a súa concesión.

3.- Para os efectos previstos no apartado anterior, os interesados deberán solicitar a exención por escrito no Rexistro Xeral da Corporación, debendo acompañar os seguintes documentos:

- a) No suposto dos vehículos para persoas de mobilidade reducida, segundo a letra A de o anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos, e de vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo:
 - Fotocopia do Permiso de Circulación.
 - Certificado da minusvalía emitido polo órgano competente.
 - Xustificante da exención do Imposto especial sobre determinados medios de transporte (Imposto de matriculación), no seu caso.
 - Declaración de empadramento no municipio de Muras.

- Acreditación de que o vehículo vai estar destinado exclusivamente a uso do minusválido.

b) No suposto dos tractores, remolques, semirremolques e maquinaria agrícola:

- Fotocopia do Permiso de Circulación.

- Fotocopia do Certificado de Características.

- Fotocopia da Cartilla de Inscripción Agrícola, a que se refire o artigo 5 da Orde do Ministerio de Agricultura do 4 de outubro de 1977, expedida necesariamente a nome do titular do vehículo. - Declaración de empadramento no municipio de Muras.

Non procederá a aplicación desta exención, cando pola Administración Municipal compróbase que os tractores, remolques ou semirremolques, de carácter agrícola, dedícanse ao transporte de produtos ou mercadorías de carácter non agrícola ou que non se estime necesario para explotacións da devandita natureza.

IV.- Bonificacións.

Artículo 4.

1.- Os vehículos históricos e todos aqueles que a 31 de decembro de 2020, teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos, contados a partir da data da súa fabricación, ou se esta non se coñece, tomando como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar, gozarán dunha bonificación do 100% da cota incrementada do imposto. Os suxeitos pasivos ou os seus representantes poderán solicitar a concesión da bonificación acreditando a data de fabricación ou primeira matriculación por medio dunha copia compulsada da ficha técnica, o permiso de circulación do vehículo ou o certificado do fabricante ou de Industria respecto da data en que deixou de fabricarse o modelo en cuestión. O petionario deberá xustificar, así mesmo, estar ao corrente do pago do imposto mediante a exhibición dos recibos dos últimos catro exercicios, ou certificado equivalente.

2.- Bonificación do 75% da cota do imposto para vehículos clasificados no Rexistro de vehículos da Dirección Xeral de Tráfico como de "Cero Emisións ". Esta clasificación está recollida na Resolución do 13 de abril de 2016, da Dirección Xeral de Tráfico (BOE de 21/04/2016) e establecida en función do nivel de emisións contaminantes dos vehículos:

CERO EMISIÓN: Vehículos L, M1, N1, M2, M3, N2 i N3 clasificados no Rexistro de Vehículos como vehículos eléctricos de batería (BEV), vehículos eléctricos de autonomía extensa (REEV), vehículos híbridos enchufables (PHEV) cunha autonomía mínima de 40 quilómetros ou vehículos de pila combustible.

ECO: Vehículos M1 e N1 clasificados no Rexistro de Vehículos como vehículos híbridos enchufables con autonomía <40km, vehículos híbridos non enchufables (HEV), vehículos propulsados por gas natural, vehículos propulsados por gas natural comprimido (GNC) ou gas licuado do petróleo (GLP). En todo caso, deberán cumprir os criterios da etiqueta C.Vehículos M2, M3, N2 e N3 clasificados no Rexistro de Vehículos como híbridos enchufables con autonomía <40km, híbridos non enchufables (HEV), propulsados por gas natural comprimido (GNC), gas natural licuado (GNL) ou gas licuado do petróleo (GLP). En todo caso, deberán cumprir os criterios da etiqueta C

V.- Suxeitos pasivos.

Artigo 5.

1.- Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, a cuxo nomee conste o vehículo no permiso de circulación, salvo que se acredite por calquera dos medios de proba admisibles en Dereito, que a propiedade do vehículo afectado foi transmitida a outra persoa, sendo entón esta última, a obrigada ao pago do imposto, sen prexuízo das sancións tributarias ás que houbese lugar, de acordo co previsto no artigo 12 desta Ordenanza.

2.- De acordo co previsto no parágrafo anterior, poderán ter a consideración de suxeitos pasivos do imposto, as herdanzas yacentes, comunidades de bens e demais Entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúen unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptibles de imposición.

VI.- Cotas.

Artigo 6.

1.- O imposto esixírase con arranxo ao cadro de tarifas que, en cada momento, estableza o artigo 95 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

2.- Para os efectos da aplicación do referido cadro de tarifas, e a determinación das diversas clases de vehículos, estarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos de motor e Seguridade Viario e disposicións complementarias, especialmente o RD 2822/98, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos. En todo caso, dentro da categoría de tractores, deberán incluírse, os "tractocamiones" e os "tractores de obras e servizos".

3.- A potencia fiscal, expresada en cabalos fiscais, establecerase de acordo co disposto no artigo 11.20 do Regulamento Xeral de Vehículos, en relación co anexo V do mesmo.

VII.- Período impositivo e pagamento.

Artigo 7.

1.- O período impositivo coincide co ano natural, salvo nos supostos de primeira adquisición de vehículos. Neste caso, o período impositivo comezará o día en que se produza dita adquisición. 2.- O imposto devengarase o primeiro día do período impositivo.

3.- O importe da cota do imposto se prorrateará por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa definitiva do vehículo, desde o momento en que se produza dita baixa definitiva no Rexistro Público correspondente.

4.- No suposto de transferencia ou cambio de domicilio con transcendencia tributaria a cota será irreducible e o obrigado ao pago do imposto será quen figure como titular do vehículo no permiso de circulación o día primeiro de xaneiro e nos casos de primeira adquisición o día en que se produza dita adquisición.

VIII.- Xestión do imposto: altas, transferencias, reformas, cambios de domicilio e baixas.

Artigo 8.

1.- De conformidade co disposto no artigo 99.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e no artigo 2.1 do Real Decreto 1576/89, do 22 de Decembro, quen solicite a matriculación dun vehículo deberán presentar ao propio tempo na Xefatura Provincial de Tráfico, en exemplar triplicado, e con arranxo ao modelo aprobado polo Concello, o documento que acredite o pago do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica ou a súa exención.

2.- A oficina competente poderá, previa a comprobación dos elementos tributarios declarados, practicar a oportuna liquidación complementaria.

3.- Para os vehículos xa matriculados, o pago das cotas anuais do imposto, realizarase dentro dos prazos que se establezan para o efecto.

Artigo 9.

1.- De conformidade co disposto no artigo 99.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, na redacción dada ao mesmo pola Lei 51/2002, e no artigo 2.3 do Real Decreto 1576/89, do 22 de Decembro, os titulares dos vehículos, cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma dos mesmos, sempre que altere a súa clasificación a efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia, de cambio de domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo, ou de baixa dos devanditos vehículos, deberán acreditar previamente perante a referida Xefatura Provincial o pago de todas as débedas polo devandito concepto devengado, liquidadas, presentadas á cobranza e non prescritas. Exceptúase da referida obrigación de acreditación o suposto das baixas definitivas de vehículos con quince ou máis anos de antigüidade.

2.- Na tramitación dos expedientes sinalados no apartado anterior, deberá presentarse a oportuna declaración en relación ao Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica que fornecerá os seus efectos ao exercicio seguinte en que se produza.

VII.- Réxime Sancionador.

Artigo 10.-

1.- Infraccións e sancións. Nos casos de incumprimento das obrigacións establecidas na presente Ordenanza, de acordo co previsto no artigo 11 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicarase o réxime de infraccións e sancións, regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

Disposicións Adicionais.

Primeira.- As referencias aos permisos de circulación contidos na presente Ordenanza, enténdense referidas ás licenzas de circulación no caso de ciclomotores a partir da entrada en vigor do RD 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos.

Segunda.- As modificacións producidas pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou calquera elemento do presente imposto serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

Disposición Transitoria.

Os vehículos que resultando exentos do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica con anterioridade á entrada en vigor da Lei 51/2002, do 27 de decembro, por aplicación da anterior redacción do artigo 93.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, non cumplan os requisitos fixados para a exención na nova redacción dada ao devandito precepto pola Lei 51/2002, continuarán tendo dereito á aplicación da exención prevista na redacción anterior do citado precepto, en tanto o vehículo manteña os requisitos fixados naquela para tal exención.

Disposicións finais.

Primeira.- No non previsto especificamente nesta Ordenanza, rexerán as normas da Lei Xeral Tributaria e as disposicións que, no seu caso, dítense para a súa aplicación.

Segunda.- A presente Ordenanza Fiscal derroga a publicada no BOP de Lugo nº 105 de 9 de maio de 2020, e entrará en vigor o día seguinte ao da publicación da aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2022, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Muras, 24 de marzo de 2021.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 0788

PALAS DE REI

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

De conformidade co establecido no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que transcorrido o prazo de trinta días hábiles de información pública do acordo plenario de 24 de xaneiro de 2021 de aprobación inicial da modificación da "Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do sevizo da escola infantil do Concello de Palas de Rei", sen que durante dito período se presentase reclamación algunha, queda automaticamente elevado a definitivo o citado acordo coa redacción que de seguido se transcribe:

" ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL NO CONCELLO DE PALAS DE REI.

Exposición de Motivos.

Do artigo 19 da orde da Consellería de Traballo e Benestar de data 30 de decembro de 2010, derradeira das que anualmente se aproban con obxecto de regular as bases que rexerán o procedemento de concesión das axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes das Corporacións Locais resulta que, sen prexuízo da autonomía municipal, as corporacións locais que sexan beneficiarias destas axudas deben asumir a obriga de establecer como prezos máximo a aboar polos/as usuarios/as das Escolas infantís 0-3, as contías máximas reguladas no Decreto 70/2002, do 28 de Febreiro, ou norma que o substitúa. Con data 25 de xaneiro de 2012 publícase no DOGA nº17 o Decreto 49/2012, de 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Xunta de Galicia, que deroga expresamente o anterior Decreto 70/2002, do 28 de febreiro. Conforme o anterior, procede a aprobación da presente Ordenanza tendo en conta que ó longo da súa vixencia e polo anteriormente reflectido, sufrirá as vicisitudes do Decreto 49/2012, de 19 de xaneiro, sen prexuízo das potestades das Entidades Locais en orde á modificación e mesmo derogación das súas ordenanzas fiscais, e mesmo servirá como norma que complementa e axude á resolver ás dúbidas que presente a aplicación da presente Ordenanza.

Artigo 1.- Fundamento e natureza.

